

O OUTONO. Escornabot.

Descrición da actividade

A actividade consiste en ler una serie de adiviñas relacionadas co outono, e unha vez identificada a solución orientar e levar o escornabot á casilla onde apareza o debuxo que corresponde. Se a resposta é correcta, o equipo obtén un punto (Pacopunto).

Obxectivos:

- Coñecer adiviñas e ditos populares.
- Mellorar o vocabulario e a expresión en lingua galega.
- Mellorar a velocidade lectora.
- Familiarizarse co manexo do escornabot.

Contidos Traballados:

B1.7. Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida.

B1.8. Interese por expresarse oralmente coa pronuncia e coa entoación adecuadas.

B2.5. Lectura guiada de textos sinxelos adecuados aos intereses infantís para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras.

B5.2. Valoración e aprecio do texto literario galego como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.

B5.3. Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras.

B5.5. Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada), como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.

Competencias traballadas:

CCL, CAA, CSIEE, CCEC, CD,

Idade e agrupamentos:

Actividade para alumnado de primeiro e segundo curso de educación primaria.

Grupos pequenos de catro ou cinco persoas.

Temporalización:

Dez minutos por grupo.

Materiais e recursos precisos:

Cadrícula de escornabot coas imaxes do outono.

Escornabot.

Tarxetas coas adiviñas.

Pacopuntos.

Avaliación:

A valoración foi en xeral moi positiva.